

A UNED SÉNIOR DA GALICIA RURAL

Naceu na mente de Don Luis, a Criatura,
non se sabía moi ben cal sería a feitura,
tería que ser algo moi bo, cousa segura
e deste xeito empezou a súa andadura.

A UNED de A Coruña, tería que aprobalo
e, mentes lúcidas, puxéronse a preparalo
para na UNED de A Coruña, presentalo
onde foi ben examinado, antes de aceptalo.

Un proxecto grande que, á UNED enriquecería,
debería ser ben acollido, con alegría;
Susana e Luis botáronlle valentía
e a cousa saíu adiante con puntería.

Pensaron que o rural galego o merecía
despois de ter loitado con moita valentía
por conserva-la identidade e a sabedoría
do querido pobo galego, con mestría.

Leváronnos un día ve-las instalacións,
eran moi espaciaosas, de grandes dimensións;
recibíronnos moi ben, con felicitacións
porque somos persoas con grandes ambicións.

As clases botaron a andar polo dous mil oito,
non eran numerosas, non chegaban a oito,
moito nos gustaría que foran dezaoto;
pasiño a pasiño, foron aumentando moito.

Aprendemos moito, prestamos moita atención:

Mariam ensínanos a baixa-la tensión
e con Marcelino, non hai preocupación
son excelentes doctores con dedicación.

Telos a eles, é te-lo médico na casa
aínda que a veces bromean, están de “guasa”
porque saben que estamos feitos de boa masa,
non nos gusta moito nin pouco, quedar na casa.

Por eso imos ás clases de música con Fran
natural da terra lucense de San Froilán
boa persoa que traballa con moito afán,
non ten nada de preguiceiro, nin de landán.

Aprendemos o manexo do ordenador
grazas ós desvelos de Antón, un bo profesor
pero na casa, esquecémonos do ordenador
e vemos “saber y ganar”, no televisor.

O profesor de ximnasia será eficiente
que sexa novo e saltarín non é suficiente
necesitamos que saiba todo o suficiente
para facer exercicios adecuadamente.

O noso esqueleto non está para saltar,
nesta idade moi a modiño temos que andar,
se non queremos os nosos ósos estalar,
porque non estamos en idade de brincar.

Con todo o que máis nos gusta é ir de parranda
co profe Felipe imos de Paderne a Aranda
e desde o Alto de Xestoso ata Miranda
e se lle parece ben, lévanos ata Arganda.

Facemos festas, viaxes e celebracións
acudimos moi ledos en tódalas ocasións,
dásenos moi ben facer reivindicacións
pero temos que aprender, a vivir de ilusións.

Pouco a pouco, imos abrindo camiño
Rianxo e Lousame, tamén van a modiño
disfrutando moito todos, pasiño a pasiño
porque é moito máis doado, que darlle ó fouciño.

Os de Paderne, con Amelia imos a gusto,
os de Momán con Tucho, tamén van moi a gusto,
os de Guitiriz con Celia, non levan ningún disgusto;
soamente cando nos cobran, nos dan algún susto.

Fóisenos a nosa benquerida Directora
a nosa querida Susana, moi traballadora
e agora está Germán, persoa emprendedora
estamos tan felices con el, como noutroa.

Colaboran voluntariamente algúns concellos
e asociacións de Maiores, en Consellos
pouco a pouco vanse agregando, máis concellos
e os Maiores únense, formando “Consellos”

Arriman tamén o ombreiro, os de Sanidade,
moito máis aínda, os da Universidade;
todos nós acudimos, formando comunidade
porque queremos: enche-la vida de calidade.

Alumnado eficiente e con ganas de aprender
de todo aquilo, que alcanzamos a entender
para pouco a pouco, ir ampliando o saber
porque a nosa vida, queremos enriquecer.

UNED Sénior Galicia Rural, que hai que mimar
porque todos temos moito que experimentar;
valentía e ganas, nunca nos han de faltar
mentres as nosas forzas, non pidan descansar.

Xa remataron as merecidas vacacións
agora debemos aprender novas leccións
para disfrutar a tope novas emocións
e gozar enormemente con satisfaccións.

Moitas grazas.

MERCEDES CACHAZA PLATAS
(Alumna Sénior en PADERNE-A Coruña)